


ar!

REVISTA GALEGA ANTIMILITARISTA

Nº 3 - Primavera 95 - Preço: 300 ptas / 300 escudos



EDITORIAL

ACTUALIDADE

OPINIÓN

O negocio das armas

Xosé cuns

Exército e demografía

Eusebio Ónega

Aliteratura popular: fonte para o estudo
da historia do antimilitarismo galego

Xavier Paz García

Lexitimación e valores do Servizo Militar

Miguel Cancio

A voltas coa Facenda

Agustín Bueno

DOSIER CENTRAL: DESOBEDIÉNCIA CIVIL

Sobre os límites da desobediencia civil

Juan Claudio Acinas

Fragments de um discurso amoroso

João Paulo Cotrim

J. Rawls e o liberalismo político

María Xosé Agra

Desobediencia civil na aula

Manuel Iglesias

Nación e Insubmisión

Xoán Carlos Garrido Couceiro

ENTREVISTA

Carta aberta desde Navarra

Desobediencia civil

J. Rawls e o liberalismo político

● María Xosé Agra

Battista: ¿Permitían os romanos que nos seus exércitos houbera mulleres ou que se practicasen esos xogos ociosos que hoxe están en uso?

Fabrizio: Prohibían ambas as dúas cousas. E non era un mandato difícil de cumprir, porque tiñan todo o día tan ocupados ós soldados con exercicios individuais ou colectivos que non lles quedaba tempo para pensar en Venus ou no xogo, nin en outras cousas que poideran convertilos en sediciosos ou inútiles.

Maquiavelo, "A arte da guerra".

A obediencia e a desobediencia, o sometemento e a insumisión, ben sexa nun sentido global: respecto das leis da Cidade, do Soberano (Rei, Estado), que remite directamente á orde social e política, ben sexa nun sentido máis particular, en tanto que afectaría a determinadas leis, a leis concretas, é, como se sabe, unha cuestión que ocupa un lugar importante na filosofía xurídica, política e moral, adoitando diferentes versións históricas e teóricas. Por suposto non imos tratar a variabilidade e especificidade dos argumentos e sistemas que definen ou presentan os teóricos da obriga política, as diversas configuracións da defensa do mantemento da orde social e política. Tampouco imos deternos nunha aproximación histórica á desobediencia civil, nin a discutir se, por exemplo, se pode soste que mesmo Sócrates foi un desobediente civil. Nin que quer dicir "civil", nin as múltiples formas da desobediencia: rebelión, disidencia, resistencia, etc.

Basta lembrar aquí ós chamados desobedientes



Os atletas Tmmie Smith e John Carlos, "ouro" e "bronze" nos 200 metros livres nos Xogos Olímpicos de México de 1968, dedicavan a súa vitoria á América negra erguendo os puños enludados de negro, saúdo dos Black Panthers, no momento en que soava o hino dos Estados Unidos.

civís clásicos: Thoreau, Gandhi e Martin Luther King, sen esquecer tampouco (cousa, por outra parte, bastante cotián) a aquelas mulleres, a aquela minoría de mulleres, militantes feministas, de finais do século XIX e comezos do XX, que practicaron a desobediencia civil, negándose a pagar impostos mentres as mulleres non estivesen representadas no Parlamento (Women's Freedom League, Anita Augspurg, Hubertine Auclert, Madeleine Pelletier ...).

Na actualidade o debate arredor da definición e xustificación da desobediencia civil ten plena vixencia, así pode verse moi sumariamente, á proposta de Rawls, autor dunha Teoría da Xustiza que canaliza grande parte da discusión na filosofía política hoxendía, e que se inscribe na tradición liberal.

Rawls presentanos unha concepción do liberalismo político, un liberalismo moderado. Non nos atopamos, xa que logo, ante un pensador radical ou revolucionario, nin moito menos. Atopámonos, simplemente, ante un autor que trata de revitalizar o liberalismo a través dunha concepción da xustiza básica da sociedade, e dun defensor da desobediencia civil. Rawls aborda o problema da desobediencia civil a partires da existencia dunha autoridade democrática lexitimamente establecida, dun Estado democrático máis ou menos xusto. Este problema afecta a aqueles cidadáns que recoñecen e aceptan a lexitimidade constitucional pero que enfrontan un conflito de deberes. Rawls define a desobediencia civil como "un acto público, non violento, consciente e político, contrario á lei, cometido co propósito de ocasionar un cambio na lei ou nos programas de goberno". A desobediencia civil é un acto mediante o que se apela ó sentido de xustiza da maioría e consiste en manifestar que os principios da cooperación social non están sendo respetados.

Rawls fai fincapé en que a desobediencia civil é un acto político, público e non violento. En primeiro lugar, é un acto político, non só porque vai dirixido á maioría que detenta o poder, senón, fundamentalmente, porque é un acto guiado e xustificado por principios políticos, a saber, os que regulan as institucións. Polo tanto, a desobediencia civil apunta á xustiza básica da sociedade, á concepción da xustiza comúnmente compartida, presuposta nun réxime democrático moderno. Dito doutro xeito, a minoría apela ó sentido de xustiza da maioría para que este recoñeza as lexitimas pretensións da minoría. En segundo lugar, a desobediencia civil é un acto público: ten lugar no ámbito público, manifestase abertamente. En terceiro lugar, a desobediencia civil non é violenta. A violencia é incompatible con ela, entende Rawls, xa que do que se trata é de reflexionar sobre conviccións comúnmente compartidas. Pero, ademais, insiste, non é violenta porque a desobediencia á lei dase dentro dos límites, aunque nos límites externos, da fidelidade a lei. Por iso, considera que a desobediencia civil está xustificada unicamente cando se dan graves infraccións dos principios de xustiza, do principio de igual liberdade, ou violacións do principio de igualdade equitativa de oportunidades. Agora ben, o segundo tipo de violacións son máis difíciles de recoñecer e existe unha maior diferenza de opinións ó respecto, polo que Rawls mantén que a desobediencia civil refírese fundamentalmente ó



Martin Luther King, durante a súa campaña contra a segregación nos comedores escolares en Birmingham, en 1963.

primeiro principio de xustiza que define o estatus de igual cidadanía.

Anque Rawls xustifica a desobediencia civil nos casos indicados, sen embargo, sinala tres condicións, as dúas primeiras suficientes, a terceira non, para matizala xustificación: 1) considera que é un último recurso, que xa se esgotaron tódalas vías posibles, tódolos medios legais e os recursos normais; 2) nalgúns casos non é necesario empregar en primeiro lugar os medios legais, e 3) a desobediencia civil dase dentro de certos límites. O límite, consiste na aceptación da constitución, a fidelidade á lei, pero, ademais, está limitada noutro sentido: cando hai moitas minorías, distintos grupos, que teñen razóns fundadas para a desobediencia civil, é necesaria unha alianza político-cooperativa, xa que pode darse o caso de que, consideradas no seu conxunto, tódalas demandas fundadas poden poñer en perigo a estabilidade social. A disensión, pois, tal e como Rawls se expresa, ten que estar tamén regulada dalgún xeito, do contrario a constitución resultaría afectada. A desobediencia está xustificada cando existen graves inxusticias e sempre que estexa baseada en fundamentos morais. É importante destacar que a desobediencia civil responde á posibilidade de que a legalidade atente contra principios básicos e contraponse ó legalismo autoritario, para empregar a terminoloxía de Habermas, que se expresa na máxima "A lei é a lei, o deber é o deber".

A proposta rawlsiana non está exenta de problemas algúns deles relacionados coa súa proposta específica dunha concepción da xustiza no marco do liberalismo político. Non obstante, a pesares dos problemas teóricos e prácticos que suscita, a proposta de Rawls é un bó punto de partida na reflexión sobre a desobediencia a leis inxustas, non só por razóns de conciencia (Rawls distingue a desobediencia civil da obxección de conciencia), senón -o que é máis importante- por razóns morais e políticas.